

## NOTA INFORMATIVA

### ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E OCIO NOCTURNO

Recórdaselles a tódolos establecementos do Sector, que antes de que finalice o presente mes de Febreiro, deberán presentar as súas solicitudes para a ocupación de terreos de uso público para a instalación de terrazas, mesas, cadeiras, veladores e outros elementos análogos.

Achégases o modelo de solicitude así como unha copia da Ordenanza Reguladora, á que deberán prestar a maior atención sobre as condicións na que pode ser autorizada a ocupación da vía pública para a instalación das terrazas e **non se permitirá a instalación de terrazas cubertas desmontables, nin pechadas nin sequera con carácter temporal (Artigo 4.8).**

Fasise especial fincapé en que será o Concello o que fixará o número de Mesas máximo a instalar segundo as condicións das vías.

As Mesas e cadeiras deberán retiralas á hora do peche do establecemento, non podendo permanecer na vía pública. Deberán sacalas cada día a partir da hora de apertura do local.

Todo o espacio que ocupen as mesas e as cadeiras, deberán deixalos totalmente limpos (barridos e lavados, de selo caso) para impedir que estes queden sucios e pegagosos e atraingan os mosquitos.

A función do Servizo de Limpeza e a limpeza xeral e non a que deixan as terrazas dos locais, calquera tipo de local.

Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos debendo depositarse estes nas papeleiras instaladas para tal finalidade así como todo o lixo que se xere no local deberán botalo nos contedores específicos en bolsas de lixo e pechadas.

Estas medidas no son novas, se non de aplicación dende o momento da súa aprobación o 12 de xaneiro de 2017 e da que xa se lles enviou copia no seu día.

Polo ben de todos e para unha convivencia en armonía da que todos, sin excepción, nos poidamos beneficiar, establecementos, persoas e vehículos, estes últimos nos horarios establecidos.

**AGRADECEMOS A SÚA COLABORACIÓN**

**O ALCALDE**

**ANDRÉS MONTESINOS RODRÍGUEZ**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

---

**. Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

